
ANTECEDENTES

**De conformidade coas competencias atribuídas
ó Consello Económico e Social de Galicia pola Lei 6/1995, de 28 de xuño,
previa análise pola Comisión Sectorial nº3: *Desenvolvemento rexional*,
e de acordo co procedemento previsto
no Regulamento de Réxime Interior do CES-Galicia,
o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia,
na súa sesión 1/02, do 4 de febreiro, celebrada na cidade de Pontevedra,
acorda por unanimidade emitir, por propia iniciativa, o seguinte informe:**

INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA:
ÁREA FUNCIONAL DE PONTEVEDRA

A.- Xénese do informe

A Lei 6/1995, de 28 de xuño, atribúe ó Consello Económico e Social de Galicia, entre outras, a función de elaborar por propia iniciativa informes ou estudos sobre a elaboración de planos ou programas dirixidos a favorecer-lo desenvolvemento económico e social de Galicia.

No ámbito destas funcións, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 4/98, adoptou o acordo de proceder á elaboración dunha colección de informes sobre “*As áreas funcionais de Galicia*”. Despois de senllos traballos adicados ás áreas funcionais de Ferrol e Lugo, o CES aborda elaboración do estudio da área funcional de Pontevedra. Encargouse da súa redacción á Comisión Sectorial nº 3: *Desenvolvemento rexional*.

B.- Obxecto do informe

O obxecto deste terceiro informe da colección é, como nos anteriores, analiza-la situación da área funcional, Pontevedra neste caso, coas súas debilidades e fortalezas. Como en estudos anteriores, o informe inclúe unhas consideracións consensuadas polos representantes das distintas entidades do Consello sobre as ameazas e oportunidades reais para o desenvolvemento e creación de emprego na área. Estas consideracións, seguindo o esquema que o CES-Galicia utiliza tamén na súa Memoria anual sobre a situación económica e social, abren o estudio.

C.- Metodoloxía e alcance do informe

O alcance global do Informe abarca as doce áreas funcionais nas que se agrupan as comarcas galegas definidas no Plan Comarcal de Galicia. Esta adicada a Pontevedra é a terceira entrega da colección.

Respecto ó seu ámbito xeográfico, a área funcional de Pontevedra inclúe as comarcas de Caldas, O Morrazo, Pontevedra e O Salnés, na zona noroccidental da provincia homónima.

A metodoloxía do Informe baséase en concreta-la análise da situación económica e social da área funcional de Pontevedra, nos apartados de emprego, sectores productivos, panorama social e desenvolvemento territorial.

O informe inclúe tamén anexos estatísticos con datos de interese sobre distintos parámetros da realidade socioeconómica da área funcional que, pola súa exhaustividade, non se incluíron nos distintos apartados.